



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Teoría e método da arqueoloxía

Materia	Teoría e método da arqueoloxía			
Código	O02G251V01204			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Profesorado	Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Correo-e	fermin@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Introdución xeral á Arqueoloxía como disciplina ou ciencia histórica específica nas súas dimensións teórica, práctica e patrimonial.			
	Estudo da especificidade e características da evidencia arqueolóxica.			
	Explicación, comprensión e aplicación da metodoloxía arqueolóxica como medio de coñecemento histórico.			

## Competencias de titulación

Código	
A12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.
A13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais.
A17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente.
A23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.
B12	Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza.
B13	Iniciativa e espírito emprendedor.
B16	Coñecemento doutras culturas.

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Concepto da Arqueoloxía como disciplina histórica específica. Recoñecemento das capacidades do rexistro arqueolóxico como medio de coñecemento histórico.	A12 A13	B1
Coñecer as características propias da evidencia arqueolóxica. Habilidade para identificar a cultura material do pasado e extraer a información histórica que contén.	A17	B16
Coñecer e aplicar a metodoloxía arqueolóxica nas súas diversas fases e aspectos: prospección, escavación, analítica e interpretación.	A23	B12 B13
Coñecer as bases, condicionantes e problemática do patrimonio arqueolóxico como recurso cultural.	A12 A13	B10

## Contidos

Tema	
1.- Dimensión teórica da Arqueoloxía	1.1. Definición e conceptos. 1.2. A evidencia arqueolóxica. 1.3. Desenvolvemento histórico: do «anticuarismo» á nova arqueoloxía.

2.- Dimensión metodolóxica da Arqueoloxía	2.1. Prospección arqueolóxica. 2.2. Escavación arqueolóxica. 2.3. Analítica e interpretación do rexistro arqueolóxico.
3.- Dimensión patrimonial da Arqueoloxía	3.1. Valores, posesión e función social do patrimonio arqueolóxico. 3.2. Conservación, musealización e xestión do patrimonio arqueolóxico.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	15	15	30
Titoría en grupo	6	6	12
Sesión maxistral	25	25	50
Probas de resposta curta	2	20	22
Outras	0	1	1
Informes/memorias de prácticas	1	20	21
Estudo de casos/análise de situacións	1	13	14

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación práctica dos coñecementos e de adquisición de habilidades procedementais, utilizando aparatos (ordenador, estereoscopio, teodolito etc.) e manexando materiais (programas informáticos, cartografía, fotografía aérea etc) propios da metodoloxía arqueolóxica. Desenvolveranse no laboratorio de Arqueoloxía (LAUV) e nos terreos do campus próximos á facultade.
Titoría en grupo	Actividades en grupo reducido enfocadas ao traballo sobre un tema específico e concreto, especialmente a resolución de exercicios e casos prácticos sobre o tema. Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas desde o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Sesión maxistral	Exposición na aula, por parte do profesor, dos contidos sobre a materia.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada dos alumnos realizarase parcialmente a través das TIC mediante as ferramentas propias da plataforma TEM@. Tamén se levará a cabo mediante as titorías colectivas e as académicas, consistindo esencialmente no seguimento do proceso de elaboración de estudos de caso e exercicios prácticos, memoria de prácticas de laboratorio e preparación das probas de avaliación.
Sesión maxistral	A atención personalizada dos alumnos realizarase parcialmente a través das TIC mediante as ferramentas propias da plataforma TEM@. Tamén se levará a cabo mediante as titorías colectivas e as académicas, consistindo esencialmente no seguimento do proceso de elaboración de estudos de caso e exercicios prácticos, memoria de prácticas de laboratorio e preparación das probas de avaliación.
Titoría en grupo	A atención personalizada dos alumnos realizarase parcialmente a través das TIC mediante as ferramentas propias da plataforma TEM@. Tamén se levará a cabo mediante as titorías colectivas e as académicas, consistindo esencialmente no seguimento do proceso de elaboración de estudos de caso e exercicios prácticos, memoria de prácticas de laboratorio e preparación das probas de avaliación.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Probas de resposta curta	Os contidos expostos nas sesións maxistras serán avaliados mediante unha proba escrita de resposta curta (exame tipo test). Haberá dous exames parciais máis do exame final de cada convocatoria	50
Outras	Asistencia ás clases presenciais e avaliación cualitativa do grao de participación nas mesmas.	10
Informes/memorias de prácticas	As prácticas de laboratorio serán avaliadas mediante a entrega dun relatorio ou memoria de prácticas. Os alumnos deben describir as tarefas e procedementos desenvolvidos, incluíndo especialmente os resultados dos exercicios prácticos realizados.	30
Estudo de casos/análise de situacións	Actividades en grupo reducido sobre temas específicos e concretos serán avaliadas mediante a entrega de exercicios (comentarios de texto, análises estratigráficas, etc).	10

---

## Outros comentarios sobre a Avaliación

---

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña etc...). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no transcurso da avaliación continúa. Asimesmo deberá acudir ás probas que o docente considere imprescindibles, que neste caso serán os exames escritos, parciais e/ou final, da materia.

Todo o alumnado ten dereito a ser avaliado mediante unha proba de avaliación final, consistente nun exame dos contidos da sesión maxistral (50%), nunha proba de estudo de caso de avaliación do seminario (10%) e mais na entrega dun relatorio/memoria de prácticas (30%) ou ben traballo alternativo equivalente a acordar co profesor. Tamén se contabilizará a asistencia ás clases e actividades prácticas (10%), tanto sexa no modo presencial como semipresencial.

Para aprobar a materia (e facer media ponderada coa avaliación das prácticas) é preciso obter no exame unha nota igual ou superior ós 4 puntos. Tamén será preciso ter presentado alomenos un tercio das actividades prácticas. Idénticas condicións rexen para a segunda convocatoria.

---

---

## Bibliografía. Fontes de información

---

### BÁSICA

BENDALA GALAN, M. (1991): *La Arqueología*, Salvat, Madrid. OUR 902 /94

CARANDINI, A. (1997): *Historias en la tierra. Manual de excavación arqueológica*, Crítica, Barcelona. OUR 902 /19

DOMINGO, I.; BURKE, H.; SMITH, C. (2007): *Manual de campo del Arqueólogo*, Ariel, Barcelona. OUR 902 /369

FRANKOVICH, R.; MANACORDA, D. (Eds.) (2001): *Diccionario de arqueología : temas, conceptos y métodos*, Crítica, Barcelona. OUR 902 /392OUR 902 /52

GUTIERREZ LLORET, S. (2001): *Arqueología. Introducción a la historia material de las sociedades del pasado*, Universidad, Alicante. OUR 902 /141

PEREZ-JUEZ GIL, A. (2006): *Gestión del Patrimonio Arqueológico*, Barcelona, Ariel. OUR 338.48 /183

RENFREW, C.; BAHN P. (1993): *Arqueología. Teorías, Métodos y Práctica*, Akal, Madrid. OUR 902 /67

### COMPLEMENTARIA

ALCINA FRANCH, J. (1998): *Diccionario de arqueología*, Alianza, Madrid. OUR 902 /51

BALLART, J. (1997): *El patrimonio histórico y arqueológico: valor y uso*, Ariel, Barcelona. OUR 7 /401OUR 7 /401(A)

CABALLERO ZOREDA, L. y ESCRIBANO VELASCO, C. (Eds.) (1996): *Arqueología de la Arquitectura. El método arqueológico aplicado al proceso de estudio y de intervención en edificios históricos*, Junta de Castilla y León, Valladolid. OUR 902 /128

DANIEL, G. (1974): *Historia de la Arqueología. De los Anticuarios a V. Gordon Childe*, Madrid. OUR 902 /60

FERNANDEZ MARTINEZ V. (2000): *Teoría y Método de la arqueología*, 2ª ed., Síntesis, Madrid. OUR 902 /22

GAMBLE, C. (2008): *Arqueología básica*, Ariel, Barcelona. OUR 902 /398

GRAN-AYMERICH, E. (2001): *El nacimiento de la arqueología moderna 1798-1945*, Universidad, Zaragoza. OUR 902 /239

HARRIS, E. C. (1991): *Principios de estratigráfica arqueológica*, Crítica, Barcelona. OUR 902 /104OUR 902 /88(A)

HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, F. (2002): *El patrimonio cultural: la memoria recuperada*, Madrid. OUR 7 /79OUR 7 /79(A)

MANNONI, T.; GIANNICHEDDA, E. (2007): *Arqueología. Materias, objetos y producciones*, Ariel, Barcelona. OUR 902 /399

MCINTOSH, J. (1987): *Guía práctica de arqueología*, Blume, Madrid. Depósito: OUR 31107

NIETO PRIETO, F. J. (1984): *Introducción a la Arqueología Subacuática*, CYMYS, Barcelona. OUR 902 /16

RENFREW, C.; BAHN P. (2008): *Arqueología. Conceptos clave*, Akal, Madrid. OUR 902 /385

RODRIGUEZ TEMIÑO, I. (2004): *Arqueología urbana en España*, Madrid. OUR 902 /234OUR 902 /234(A)

ROSKAMS, S. (2002): *Teoría y práctica de la excavación*, Crítica, Barcelona. OUR 902 /232

---

**Recomendacións****Materias que continúan o temario**

Arqueoloxía aplicada/O02G250V01402

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

(\*)/

**Outros comentarios**

Os alumnos deberán estar dados de alta e co seu perfil editado na plataforma TEM@. Nesta plataforma incluírase información detallada e adicional sobre contidos e actividades da materia, proporcionándose igualmente outro tipo de recursos docentes (material audiovisual, documentos, enlaces, foros etc.).

Materia impartida polo Prof. Dr. Fermín Pérez Losada.